

Elas ensinan

Con esta mostra o Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia recolle as historias de vida de dezaioito mestras galegas que compartiron o interese pola educación das xeracións máis novas, ás que serviron de modelo profesional e vital.

Pero a mostra tamén apela ás lembranzas, aos sentimentos desa etapa na que se forxa a personalidade, na que se aprende todo o que as mestras nos transmiten, ciencias, letras, música, arte... na procura dunha formación humanista e integral.

Unha homenaxe ás educadoras e pedagogas que non se botaron atrás fronte as dificultades que lle impuxeron as condicións sociais, económicas, xeográficas e históricas de Galicia entre finais do século XIX e o XX. Unha etapa que reflicte a longa dedicación histórica das mulleres ao campo do ensino, especialmente no eido das primeiras letras, o ensino infantil e o primario, para paulatinamente irse achegando aos demais niveis educativos ata acadar a situación de feminización docente que se está a vivir na actualidade.

Mulleres innovadoras e decididas, sempre na procura de novos métodos pedagóxicos para mellorar a educación do seu alumnado por difícil que fose a situación e características particulares de cada grupo, proporcionando a cerna para unha participación feminina máis ampla na educación superior e no mercado laboral. Un papel transformador da sociedade, a través da transmisión do coñecemento e da profunda pegada do seu traballo en todos e todas nós.

Matilde Bares Giráldez (Bueu, Pontevedra, finais s.XIX)
Mestra de emigrantes

Ángela Blanco Pérez (Friol 1888-A Coruña 1975)
Maxisterio e labor humanitario

Celia Brañas y Fernández Miranda (A Coruña 1880-1948)
Mestra por e para as ciencias

Blanca Calvo Moraso (Ourense, ca. 1900)
Mestra e política comprometida cos dereitos da muller

Elena Cortizas Figueroa (Redondela 1918-1988)
Unha modélica vocación pedagóxica

María Dolores Díaz Balbino (A Coruña 1905-1963)
Mestra de artistas

Otilia Dóniz Álvarez (Ponte Grande, Celanova, 1915)
Mestra especializada en educación unitaria

Sarah Escarpizo Lorenzana Coulo (Cangas do Morrazo 1878-1960)
Unha autora internacional comprometida coa educación

Mercedes Goicoa Fernández (A Coruña, 1928)
Unha humanista entre o ensino musical e a promoción das artes

Maruxa Gutiérrez González (Lalín 1908-2003)
A recordada "profe", unha das primeiras empresarias de Lalín

Josefa Iglesias Vilarelle (Santiago de Compostela 1883)
Autora do primeiro texto didáctico para a aprendizaxe do galego

Sara Leirós Fernández (As Neves 1897-Santiago de Compostela 1982)
Pedagoga e educadora

Antonia Marbán Vázquez (Maceda, Ourense, 1931)
Mestra de vocación no rural ourensán

Antonia Ortiz Currais (O Corgo 1886-Ourense 1985)
A primeira inspectora educativa en Galicia

Milagros Otero Túañez (Santiago de Compostela 1928-1994)
Educadora desde o silencio

Carmen Pardo Losada (Ourense 1890-Madrid 1983)
Unha vida dedicada á formación do profesorado

María Ignacia Ramos Díez "María Silgar" (O Cádavo 1909-Lugo 2001)
Mestra de vocación literaria

María de la Trinidad Valcarce Pestaña (Lugo 1925)
Maxisterio total multidisciplinar



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"



MINISTERIO DE IGUALDAD

SECRETARÍA GENERAL DE POLÍTICAS DE IGUALDAD
INSTITUTO DE LA MUJER



XUNTA DE GALICIA



XACOBEO 2010 Galicia

Elas ensinan

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
PUBLICACIONS ESCOLARES

METODO DE LECTURA

por

ARELLE

SARAH LORENZANA
CUENTOS DE HADAS

